

# QUEN SON? CRÍAS DE ANIMAIS - AMÉRICA

# QUEN SON? CRÍAS DE ANIMAIS - AUSTRALIA

Textos de TÁNDEM SECEDA

Ilustracións de ESTER GARCÍA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €/unidade

[Quen son? Crías de animais - América](#) (galego)

ISBN 78-84-19213-07-5. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[¿Quién soy? Crías de animales - América](#) (castelán)

ISBN 978-84-19213-08-2. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[Qui soc? Crías d'animals - Amèrica](#) (català)

ISBN 978-84-18558-45-0. Ciències. Faktoría K de Llibres.

[Nor naiz ni? Animallen kumeak - Amerika](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-279-3. Zientzia. Kalandraka - Pamiela.

[Quem sou eu? Filhotes de animais - América](#) (portugués)

ISBN 978-989-53367-3-9. Ciências. Faktoría K de Livros.

[Quen son? Crías de animais - Australia](#) (galego)

ISBN 978-84-19213-09-9. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[¿Quién soy? Crías de animales - Australia](#) (castelán)

ISBN 978-84-19213-10-5. Ciencias. Faktoría K de Libros.

[Qui soc? Crías d'animals - Austràlia](#) (català)

ISBN 978-84-18558-44-3. Ciències. Faktoría K de Llibres.

[Nor naiz ni? Animallen kumeak - Australia](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-280-9. Zientzia. Kalandraka - Pamiela.

[Quem sou eu? Filhotes de animais - Austrália](#) (portugués)


ISBN 978-989-53367-4-6. Ciências. Faktoría K de Livros.

A serie «Quen son? Crías de animais» presenta varias especies de mamíferos e de aves agrupadas por continentes para inspirar a curiosidade pola fauna e polo coidado da natureza dende as primeiras idades.

Cada título inclúe sete crías: con textos sinxelos e descritivos, acompañados dunha suxestiva ilustración, cada unha preséntasenos cunha adiviña e establece un diálogo directo e activo coas lectoras e cos lectores; o enigma resólvese ao pasar a páxina, onde aparece coa súa familia no seu hábitat natural, ampliando a información. Son textos cientificamente rigorosos que plasman a realidade da natureza de forma doada e comprensible, ademais de amosar a biodiversidade e as distintas formas de crianza.

Realizadas con grafito e suavemente coloreadas, as imaxes son realistas e de gran detallismo, fieis aos canons da ilustración científica, e destacan pola expresividade e pola tenrura dos protagonistas. A parte narrativa e a visual complementáanse, resultando un material de referencia non só para escolas e bibliotecas, senón tamén para compartir no fogar.

O mapache, o tucano, o armadillo, o xaguar, o preguiceiro, a vicuña e o can das pradarias protagonizan o volume ambientado en América. O canguro, o koala, a cucaburra, o ornitorrinco, o equidna, o diaño de Tasmania e o petauro ocupan a selección de Australia. Tampouco falta a reflexión sobre a situación dos animais no continente que habitan para que os cativos coñezan as principais ameazas que fan perigar a súa conservación e tomen conciencia sobre a importancia de respectar e protexer o planeta.



■ **Temática:** fauna do mundo.

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais, natureza, educación ambiental; libro informativo; adiviñas, vocabulario.

■ **Avance dos libros:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quen-son-america-g>

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quen-son-australia-g>

## Tándem Seceda

Dous biólogos docentes, especialistas en educación ambiental -Isabel Pelayo e Xulio Gutiérrez- e dous mestres con ampla traxectoria na creación e tradución de textos didácticos e literarios para os máis pequenos -Pilar Martínez e Chema Heras- unen a súa experiencia e o seu entusiasmo para realizar esta serie de libros de ciencia para primeiros lectores. Os catro son autores de numerosas publicacións, tanto de literatura infantil como do medio natural.

## Ester García

(Cáceres, 1984)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, dedícase á ilustración de libros infantís e xuvenís, nos cales a natureza ten un gran protagonismo. A súa obra foi distinguida co Premio Junceda Internacional, o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado e figura na selección The White Ravens.

<http://3ster.blogspot.com>



www. **kalandraka**.com  
comunicacion@kalandraka.com